

ORGANIZACIÓN CELULAR

EXERCICIOS DE APOIO

Estrutura e función da célula. As envolturas

(501) Os microscopios ópticos permiten unha ampliación de:

- ☐ 150 aumentos
- ☐ 1500 aumentos
- ☐ 15000 aumentos
- ☐ 150000 aumentos

(502) As imaxes con gran profundidade de campo e aspecto tridimensional son típicas dos microscopios

- ☐ ópticos con iluminación nas lonxitudes de onda do visible
- ☐ ópticos con iluminación nas lonxitudes de onda do ultravioleta
- ☐ electrónicos de varrido
- ☐ electrónicos de transmisión

(503) A teoría celular indica que nos seres vivos a célula é a unidade... (Indicar a afirmación FALSA)

- ☐ estrutural
- ☐ taxonómica
- ☐ fisiolóxica
- ☐ xenética

(504) Sinala o tipo de organismo que presenta organización celular

- ☐ Bacteriófagos
- ☐ Virus
- ☐ Cianofíceas
- ☐ Viroides

(505) Os procariotas presentan... (Indicar a afirmación FALSA)

- ☐ metabolismo aerobio ou anaerobio
- ☐ cromosoma circular
- ☐ ribosomas
- ☐ división por mitose

(506) A diferenza da célula vexetal, a célula animal carece de:

- ☐ plastos, parede celular e grandes vacúolos
- ☐ parede celular, centríolo e cloroplastos
- ☐ cloroplastos, centríolo e grandes vacúolos
- ☐ parede celular, citoesqueleto e cloroplastos

(507) A estrutura básica das membranas biolóxicas é

- ☐ A dobre capa proteica
- ☐ a triple capa (escura-clara-escura)
- ☐ a bicapa de fosfolípidos
- ☐ o entramado de fibras de pectina e lignina

(508) Identifica o compoñente que non pode formar parte das membranas

- ☐ un enzima
- ☐ un esfingolípido
- ☐ colesterol
- ☐ todos poden estar nas membranas

(509) Identifica o compoñente característico do citosol

- ☐ ribosoma
- ☐ inclusión
- ☐ microtúbulo
- ☐ calquera dos tres anteriores

(510) Os cilios e flaxelos están organizados a partir de:

- ☐ microtúbulos
- ☐ filamentos de queratina
- ☐ microfilamentos de actina
- ☐ filamentos intermedios

(511) A actina é unha proteína globular que forma parte dos microfilamentos do citoesqueleto.

- ☐ V
- ☐ F

(512) Os fosfolípidos son un dos compoñentes da membrana celular.

- ☐ V
- ☐ F

(513) Nas membranas das células animais pódese atopar celulosa.

- ☐ V
- ☐ F

(514) Os ribosomas son orgánulos formados por proteínas e ADN.

- ☐ V
- ☐ F

(515) A célula bacteriana carece de envoltura nuclear.

- ☐ V
 - ☐ F
-

Citoplasma e orgánulos. O núcleo.

(516) As vacuolas dixestivas ou fagosomas teñen relación con:

- ☐ lisosomas
- ☐ dictiosomas
- ☐ centrosoma
- ☐ mitocondria

(517) O retículo endoplasmático liso encárgase de:

- ☐ Produción de lipoproteínas para a súa exportación
- ☐ Secreción de hormonas esteroideas
- ☐ Liberar ións calcio para a contracción muscular
- ☐ Pode realizar as tres función citadas

(518) O contido dos lisosomas procede da actividade de:

- ☐ Polirribosomas
- ☐ Mitocondrias
- ☐ Reticulo endoplasmático rugoso
- ☐ Endocitose da membrana plasmática

(519) As reaccións fotoquímicas da fase lumínica da fotosíntese realízanse

- ☐ Na membrana externa do cloroplasto
- ☐ No estroma dos cloroplastos
- ☐ Na membrana dos tilacoides
- ☐ No lumen dos tilacoides

(520) A matriz interna do cloroplasto (indicar a afirmación FALSA)

- ☐ Chámase tamén estroma
- ☐ Contén os pigmentos fotosintéticos
- ☐ Inclúe un cromosoma circular
- ☐ Ten grandes cantidades do enzima RuBisCo que fixa CO₂

(521) A eucromatina caracterízase por

- ☐ Ser moi electrodensa
- ☐ Corresponder a xenes que non se expresan
- ☐ A ausencia do proceso de transcrición
- ☐ Estar pouco condensada

(522) No nucléolo sintetízase:

- ☐ O ARN ribosómico
 - ☐ Os ARN de transferencia
 - ☐ Os ARN mensaxeiros
 - ☐ Tódolos tipos de ARN
-

(523) Indica a función que NON é propia do núcleo celular

- ☐ Fabricar as proteínas para a duplicación precisa da célula
- ☐ Almacenar a información xenética no ADN
- ☐ Executar e regular as actividades citoplasmáticas a través do produto da expresión dos xenes
- ☐ Recuperar a información almacenada no ADN en forma de ARN

(524) O nucleosoma, sinalar a falsa

- ☐ É a unidade estrutural da cromatina
- ☐ Contén un octámero de proteínas histonas
- ☐ Ten un diámetro de 10 nm, por condensación forma un solenoide de 30 nm
- ☐ Presenta unha fibrila de ARN que da dúas voltas arredor do núcleo proteico

(525) Un cromosoma metafásico, no que o centrómero se sitúa cerca dun extremo chámase

- ☐ Acrocéntrico
- ☐ Telocéntrico
- ☐ Metacéntrico
- ☐ Submetacéntrico

(526) A estrutura do núcleo é igual en células animais e vexetais.

- ☐ V
- ☐ F

(527) As mitocondrias posúen ADN e ribosomas propios.

- ☐ V
- ☐ F

(528) Os ribosomas son orgánulos membranosos.

- ☐ V
- ☐ F

(529) Os cromosomas só son visibles como tales durante a interfase

- ☐ V
- ☐ F

(530) Nas células vexetais as mitocondrias son os orgánulos encargados da respiración.

- ☐ V
- ☐ F



SOLUCIÓN

01 b	02 c	03 b	04 c	05 d
06 a	07 c	08 d	09 d	10 a
11 V	12 V	13 F	14 F	15 V
16 a	17 d	18 c	19 c	20 b
21 d	22 a	23 a	24 d	25 b
26 V	27 V	28 F	29 F	30 V